



AXENCIA GALEGA  
DA INDUSTRIA  
FORESTAL

# XERA-Formación 2024

Axudas para a organización de actividades formativas non regradas que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira de Galicia

IN501A



## Características xerais de XERA-Formación 2024

- ❑ **Orzamento e réxime da convocatoria:** 0,8 M € (% bianualización 2024-25: 50-50%), concorrencia competitiva. *Bianualizada por primeira vez*
- ❑ **Beneficiarias:** *Domicilio social e desenvolvemento de actividades en Galicia*
  - Asociacións, organizacións, fundacións de interese galego e entidades sen ánimo de lucro, que teñan base asociativa e sexan representativas ou relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira.
  - Agrupacións Empresariais Innovadoras (AEI) representativas ou relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira.
  - Colexios profesionais cando as actividades subvencionables correspóndanse co seu obxecto e fins sociais, segundo o disposto nos seus estatutos.
  - Centros universitarios.
- ❑ **Importe da axuda:** 100% dos gastos elixibles
- ❑ **Axuda máxima por solicitante:** Ata un máximo de 60.000 euros por solicitude e 100.000 € por persoa beneficiaria no caso de ter presentado varias solicitudes



## Investimentos subvencionables

### ▶ Actuacións obxecto de apoio

- Proxectos tractores cun investimento total subvencionable: 15.000-60.000 euros.
- Proxectos singulares cun investimento total subvencionable < 15.000 euros.

Os proxectos contemplarán a organización de actividades formativas non regradas, tales como másteres, cursos, xornadas específicas ou pímulas formativas relacionados coa industria forestal-madeira.

### ▶ Formación non regrada de carácter transversal:

- Seguridade e saúde laboral nos procesos da cadea de valor da industria forestal-madeira que incorpore as novidades tecnolóxicas da industria e que permita a aprendizaxe permanente (*'lifelong learning'*) neste ámbito. Queda excluída a formación centrada especificamente nos postos de traballo ou funcións de cada traballador, así como a adaptación da mesma á aparición de novos riscos.
- Competencias para o manexo de software e Tics no ámbito da industria forestal-madeira.
- Habilidades directivas e formación en métodos de xestión, dirección, comercialización e marketing. Incluindo formación en clave de xénero, así como de detección e aplicación de protocolos en materia de acoso na contorna laboral.
- Implantación de procesos de certificación forestal (FSC e PEFC), dilixencia debida, así como métodos para monitorizar a orixe e destino da madeira (entre outros, mediante tecnoloxía *blockchain*).



## Investimentos subvencionables

### ► Formación específica non regrada:

- Xestión de aproveitamentos madeireiros, na xestión de aproveitamentos non madeireiros tales como a resina e castaña, en tratamentos silvícolas e na utilización de maquinaria forestal.
- Manexo de maquinaria de primeira transformación, así como do coñecemento dos procesos industriais de serra, secado, clasificación da madeira e tratamentos preventivos e curativos da madeira que contribúan á súa valorización comercial.
- Manexo de maquinaria de segunda transformación, control numérico CNC, procesos de acabado, así como no desenvolvemento de proxectos de instalación e amoblamento.
- Ecodeseño como ferramenta de diferenciación nos produtos de madeira ao longo de toda a cadea de valor e, en particular, na carpintería e o moble.
- Coñecemento sobre materiais derivados da madeira, as súas últimas innovacións e aplicacións, a circularidade dos produtos madeireiros e forestais non madeireiros, así como un uso en cadoiro.
- Competencias profesionais en materia de construción en madeira, incluíndo o uso de bases de datos de construción sostible.
- Competencias profesionais para a elaboración de Declaracións Ambientais de Produto (DAP) ou Análise de Ciclo de Vida (ACV).
- Competencias profesionais para a caracterización e clasificación de madeiras locais.



## Criteria de baremación (máx. 110 puntos) > declaración responsable

	Puntos
Presentación conxunta de solicitudes por 2 ou + entidades (comparten a organización do 80% das actividades)	20
Utilización do lema "O futuro é de madeira" e o hashtag "#GaliciaéMadeira"	20
Docentes: profesorado de universidades, expert@s de centros de innovación ou profesionais de prestixio	20
Proxectos nos que participe unha muller como docente ou nun rol principal diferente ao de presentadora	5
Concordancia coa Axenda de Impulso e a Estratexia de Formación da Industria Forestal-Madeira	5
Proxectos dirixidos ao impulso na construción en madeira	20
Lingua galega nas actividades e/o nos materiais utilizados nas actividades	10
Tradución a outro idioma (diferente do galego ou o castelán) os materiais de formación	5
Proxectos que contén con varias edicións nunha mesma actividade	5



## Táboa de importes máximos unitarios (Anexo 1)

Establécese unha táboa de importes máximos unitarios en materia de formación, dirección/xestión técnica, medios e materiais didácticos e outros gastos *táboa de importes unitarios máximos por primeira vez*

Categoría de custos en materia de formación	Subcategoría de custos	Custo máximo
A.1. Formación	Profesorado universitario, persoas expertas de centros de innovación ou profesionais recoñecidos	150 €/hora
	Outro profesorado	100 €/hora
A.2. Outros gastos relacionados coa actividade formativa. Dinamización, solución de consultas, dinamización do foro...		180€ por cada 20 horas
B.1. Aloxamento	Aloxamento de relatores externos.	77,78 €/día
B.2. Manutención	Manutención. Persoal propio.	22,05 €/medio día
	Manutención. Relatores externos	22,05 €/medio día 44,09 €/día completo
B.3. Desprazamento		0,26 €/km



## Reserva de crédito e prazos

### ▶ Crédito orzamentario

O crédito total ascende a 800.000 €, por importe de 400.000 € no ano 2024 e de 400.000 € no ano 2025.

### ▶ Destinatarios

As actividades de carácter formativo non regradas deben estar orientadas a profesionais da industria forestal-madeira (incluídas persoas prescritoras e instaladoras en madeira), así como a estudantes de formación profesional e estudantes universitarios vencellados ao ámbito forestal-madeira ou recentemente titulados en ditos estudos.

❑ **Prazo de xustificación:** ata o **15/11/2024** (anualidade 2024) e **ata o 15/06/2025** (anualidade 2025) *Novos períodos de xustificación de gasto*

### ❑ Gastos xustificables:

- **1ª anualidade:** do **01/01/2024** ata o **15/11/2024** *Novos períodos de xustificación de gasto*
- **2ª anualidade:** do **16/11/2024** ata o **15/06/2025**



AXENCIA GALEGA  
DA INDUSTRIA  
FORESTAL

**DOG**

**Bases e convocatoria >> [acceso](#)**

DOG nº44, venres 1 de marzo de 2024



### Máis información



[xera.cmr@xunta.gal](mailto:xera.cmr@xunta.gal)



[@XERAaxenciadaindustriaforestal](https://www.linkedin.com/company/xeraaxenciadaindustriaforestal)



[www.xera.xunta.gal](http://www.xera.xunta.gal)



[@XERAindustriaforestal](https://www.facebook.com/XERAindustriaforestal)



[@XERA.xunta](https://www.instagram.com/XERA.xunta)



**Presentación de solicitudes en sede electrónica >> [acceso](#)**





AXENCIA GALEGA  
DA INDUSTRIA  
FORESTAL